



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 20 de agosto de 2018**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 20 de agosto de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta das actas das sesións anteriores, de datas 06/08/2018 e 13/08/2018, que se aprobou por unanimidade.

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/3691

Visto o escrito presentado por D. Francisco Pazo Campos presidente da CP Mar de Compostela 4º Fase da rúa Illa de Cortegada e visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o repintado da zona de acceso aos garaxes, e o pintado dun dos extremos da praza de estacionamento e ampliación da cuadrícula amarela, para facilitar a saída do garaxe do inmoble.

PRP2018/3693

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que no tramo peonil da Rúa Rodrigo de Mendoza (cruce con Doutor Tourón), hai un sinal que prohibe o paso de vehículos (agás garaxes e servizos), pero que crea dúbida se pode accederse ao non constar ningún horario específico.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación dun sinal de placa de horarios (07:00 a 11:00 e de 15:00 a 18:00 horas de luns a venres, e de 07:00 a 11:00 horas os sábados).

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (D. Mario Vázquez)

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2018/3696

A Xunta de Goberno Local queda sabedora da sinatura do convenio para a concesión dunha subvención a **Fundación Amigos de Galicia**, por importe de 2.500,00 € para o desenvolvemento de actividades e actuacións dirixidas a paliar situacións de emerxencia e risco exclusión social de atención urxente e inmediata no ámbito da alimentación e hixiene durante o ano 2018, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.



PRP2018/3697

Dáse conta da firma do convenio para a concesión dunha subvención nominativa a “**Asociación Galega de Linfedema**” por un importe de 1.000,00 € con cargo á partida 231.48002, para o desenvolvemento de actuacións e intervencións encamiñadas á sensibilización en relación á enfermidade de linfedema durante o ano 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/3699

Visto informe-proposta da Concelleira delegada de Benestar coa relación de nenos asistentes á Escola Infantil Municipal con dereito a subvención, e relación motivada dos nenos admitidos sen dereito a subvención, para a aprobación do pago da cantidade correspondente ó mes de agosto de 2018, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta e o recoñecemento de obrigação a favor de **Bonecos Vilagarcía, S.L.**, polo importe de 30.708,06€ con cargo á partida 323.48007.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2018/3700

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Espacio do Lector SL** para o subministro de materiais bibliográficos para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas e axencias de lectura municipais, por un importe total de 811,99 € (IVE incluído), con cargo á partida 3321.22001 (Prox. 3 1/20/2018)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xuventude

PRP2018/3713

Vista solicitude da Asociación Xuvenil Arousa Moza de colaboración municipal para o desenvolvemento do proxecto “Arousa Inspira” e vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda:

Día 24 de agosto:

- Autorizar a utilización dos diferentes parques.

Día 25 de agosto:

Autorizar a utilización do Parque da Xunqueira e escenario así como facilitar equipo de son e puntos eléctricos de iluminación para as actuacións dese día e para a barra de bebidas a colocar.

Colaboración coa colocación de catro carpas e dúas tarimas, seis mesas e corenta cadeiras e valos para delimitación de espazos.

Acórdase así mesmo a colaboración para a difusión das actividades e punto de inscrición así como a instalación dunha carpa informativa.

Fáise constar que se concede autorización para a celebración de concertos ata as 02:00 horas.

Así mesmo deberán axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.



- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/3701

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro de Servizos e Relacións Veciñais: En data 02/04/2018 a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o Prego de Prescricións Técnicas reguladoras do contrato de “Subministro dun camión con equipo aspirador-impulsor con destino á limpeza da rede de saneamento” cun importe de licitación de 166.701,00 € (IVE engadido).

O 03/04/2018 achégase solicitude de subvención de dito subministro á Deputación Provincial de Pontevedra dentro do prazo de convocatoria do Plan de Obras e Servizos 2018-2019, e remitindo a documentación requirida incluído o Prego de Prescricións Técnicas.

En data 31/07/2018 achégase requirimento por parte do servizo de Cooperación da Deputación, para a subsanación da discordancia existente entre o prego de prescricións técnicas e o orzamento total reflectido na solicitude de subvención, xa que non coinciden.

Detectado o erro no Prego de Prescricións Técnicas e téndose en conta que este concello cumpre con tódolos requisitos esixidos pola convocatoria de subvención, e achegando o novo PPT corrixido,

A Xunta de Goberno Local acorda a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar o correcto Prego de Prescricións Técnicas reguladoras do contrato de subministro dun camión con equipo aspirador-impulsor con destino á limpeza da rede de saneamento cun importe de licitación de 166.701,00 € (IVE engadido). Sendo o importe de 104.901,00€ o solicitado como subvención, e os restantes 61.800,00 € financiados con fondos propios do Concello.

PRP2018/3703

Dáse conta do escrito presentado por **Instalaciones Eléctricas Sangenjo SLU** solicitando a prórroga do contrato de obras denominado “Construción de Escola Infantil en Vilaxoán”.

Dáse conta do informe favorable do Director das obras para a prórroga do prazo de execución en dous meses.

Dáse conta do informe do Negociado de Contratación e Patrimonio. A Xunta de Goberno Local acorda conceder a prórroga de 2 meses para a finalización das obras, tal e como se recolle no informe técnico, tendo en conta os períodos no que as obras estiveron suspendidas, reiterando que as obras deberán estar xustificadas antes do 31 de decembro de 2018.

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2018/3718

Vista a liquidación de xuros, a Xunta de Goberno Local acorda de obrigación a favor de **D. Enrique Porto Rey**, polo importe de 40.945,27 €, correspondente a xuros pola execución da Sentenza ditada pola Sala do Contencioso Administrativo do TSJ de Galicia en data 8 de



febreiro de 2017, sobre xustiprezo terreos en Praza Estación de Vilagarcía de Arousa, con cargo á partida orzamentaria 929.22699

PRP2018/3720

Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes provedores, polos importes e facturas que se relacionan, cun importe total de 119.189,11 €, con cargo ás partidas que se indican (Rel. F/2018/98):

Nº Factura	Registro	Aplicación	Importe	Nombre Ter.	Texto Libre
F/2018/5020		2018 926 22000	254,60	SKETCH SYSTEM, S.L.	COPIA B/N A3 KONIKA MINOLTA C658 (PERIODO DE FACTURACIÓN: 23/05/18 AL 19/06/18. SOLICITADO POR: MANUEL VILLARONGA GARCÍ
F/2018/5026		2018 132 213	140,57	TALLERES ELECT. DE PONTEVEDRA, S. COOP.	Alquiler repetidor Monte Xiabre / MES: JUNIO
F/2018/5028		2018 2311 22199	33,69	CLECE, S.A.	Por suministro al SPAD de 1 caja de pañuelos de papel ALOYAS (48 cajitas)Importe servicios
F/2018/5058		2018 170 22602	484,00	RADIO PONTEVEDRA, S.A.	HORA 14 AROSA DIARIO / HORA 14 AROSA DIARIO / HORA 14 AROSA DIARIO / HORA 14 AROSA DIARIO / HORA 14 AROSA DIARIO / HORA
F/2018/5060		2018 2311 214	1.464,10	ELPIDIO AUTO, S.L.	VEHICULO PO3189BL RESPONSABLE MARIA BEL ROMERO VIÑAS 76870729Z-PINTURA / TOTAL MANO OBRA CHAPA/MECANICA / ROTULACIONES
F/2018/5097		2018 926 22602	136,13	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	JUN-1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30; lavoz
F/2018/5104		2018 926 22641	484,00	EDITORIAL LA CAPITAL, S.L.	CONCELLO DE VILAGARCIA: AROUSA FÚTBOL 7 AROUSA FÚTBOL 7 2018 15/06/2018
F/2018/5139		2018 132 22199	1,00	CASTROMAN I, S.L.	LLAVE ACERO JMA AB-8I / ORDEN COMPRA: 5168 / RESPONSABLE COMPRA: CARLOS MARIN MARTINEZ
F/2018/5140		2018 4312 212	5,76	CASTROMAN I, S.L.	TEFLON CRUDO 12MMX12MX0,075MM / ABRAZADERA SINFIN-L 8-16 W4 INOX / CONECTOR AIRE R-H (3/8GAS D-12) / RACOR MARSELLA M3/8
F/2018/5201		2018 920 22201	12.536,11	SOC. EST. CORREOS TELEG., SA	Carta Certificada GE 0 - 20 gr N D1(GRANDES CIUDADES) G-0 (01 EXENTO) / Carta Certificada GE 0 - 50 gr D1(GRANDES CIUD
F/2018/5293		2018 1623 22700	94.319,41	SOGAMA, S.A.	Tratamento RU Mes Xuño 2018 (AYUNTAMIENTO DE VILLAGARCIA)
F/2018/5415		2018 2311 22110	49,70	SRCL CONSENUR, S.L.U.	SUContenedorBiotrex60N (Sursursal 001:SPAD - GUMERSINDO NARTALLO 9,36600 VILAGARCÍA DE AROUSA) / TRBiosanitarioBiotrex
F/2018/5416		2018 132 22104	1.678,45	MANUEL SANTOS CAO, S.A.	FUNDA SAFARILAND 6280 CZ75 DIESTRA / FUNDA SAFARILAND 6280 CZ75 ZURDA / FUNDA SAFARILAND 6280 PARA HK DIESTRA / GUANTE N
F/2018/5432		2018 926 22641	457,38	FARO DE VIGO, S.A.	Publicidad: A0000004977 Tamaño: 1X1 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA-AF7 - 16/06/2018 (_) / Publicidad: A0000004977
F/2018/5447		2018 920 22604	113,87	PORTELA Y FDEZ. PROCUR., C.B.	PROCEDEMENTO ABREVIADO 408/2017 NO XULGADO DO CONTENCIOSO Nº 3 DE PONTEVEDRA CONTRA MARCIO MANUEL DRUMONDE DINIZ. ADMON.
F/2018/5475		2018 920 22604	1.758,74	PALOMINO BARBA, PEDRO	CONTRATO ASISTENCIA LETRADA CONCELLO NO MES DE XUÑO. ADMON. XERAL.
F/2018/5506		2018 2412 22199	12,20	DIELECTRO INDUSTRIAL, S.A.	(GEL INSUL MINIBOX + 2PZ-2WAYS LEVER CONNECTOR) (Obra: OBRADOIRO EMPREGO ""FORME 17"")
F/2018/5542		2018	704,41	INTERIORES AROUSA, S.L.	ALFOMBRA A MEDIDA KEPLAN KLASIK



	2314 213			1456 ""EL BANCO DE LA ESTACION"" CORTES A MEDIDA: 3 ALFOMBRAS SIN REMATE DE 200X240. EQUI
F/2018/5602	2018 3321 22001	153,65	MESEJO RODRIGUEZ MARIA JOSEFA	PUBLICACIONES PERIODICAS JUNIO 2018. BIBLIOTECAS.
F/2018/5603	2018 920 22604	113,87	PORTELA Y FDEZ. PROCUR., C.B.	REC. APELACION 15012/2018 DO CONTENCIOSO 94/2017 SEGUIDOS EN SECC. CUARTA DO TSXG CONTRA NIEVES LOIRA MOSTEIRO. ADMON. X
F/2018/5608	2018 334 22609	92,57	SOC. GRAL. AUTORES Y EDITORE	0003373387 VIA PUBLICA CARRIL CARRIL S/N , S/N CARRIL (SANTIAGO P.) 36610 VARIÉDADES CONCIERTO Davide Salvado e Pedro Pa
F/2018/5609	2018 334 22609	114,94	SOC. GRAL. AUTORES Y EDITORE	0003338579 SALON GARCÍA ALCALDE REY DAVIÑA 14 , 14 VILAGARCIA (SANTA EULALIA 36600 REPRESENTACION 27/04/2018 FALAREDES 2
F/2018/5691	2018 170 213	147,50	RECAMBIOS E HIDRAULICA MIRO, S.L.	HACER LATIGUILLO 3/8" / LATA ACEITE AD HIDRAU.HHM46 5 L / REC.ACEITE USAD(RD679/2006)
F/2018/5700	2018 2412 22199	46,56	ALMACENES CELSO MIGUEZ, S.A.	CASTELO C-300 BLANCO MATE ANTIMOHO / TKROM POLVO STANDARD (ENVASE ROJO) / PLASTICO CUBRETODOD STANDARD 7 MICRAS / LIJA TE
F/2018/5713	2018 170 213	312,93	PADIN SILVA, FRANCISCO	MATERIAL DE ROZA PARA TRATAMIENTO PREVENTIVO DE XEITO MANUAL. MEDIO AMBIENTE.
F/2018/5715	2018 334 22609	225,00	ASOC. CUL. FOLC. UNION PIÑEIRA DE GUILLAN	ACTUACION PASARRUAS SAN PEDRO DE CORNAZO O DIA 30 XUÑO DE 2018. CULTURA.
F/2018/5717	2018 3321 22609	300,00	MURO ALONSO, JAVIER	ACTIVIDADE DINAMIZACIÓN DA LECTURA ""O NENO QUE QUERÍA SER MAGO"" , LER CONTA MOITO. BIBLIOTECA.
F/2018/5771	2018 171 213	97,97	BAYGAR, S.L.	CUCHILLA DE MULCHING (RESPONSABLE: DOLORES BARREIRO ESTE BIEN NO SERA DE SU PROPIEDAD HASTA QUE ESTE TOTALMENTE PAGADO
F/2018/5782	2018 2314 22624	2.500,00	ASOC. SOCIOEDUCATIVA E CULTURAL O NUCLEO.	tecnoloxías emerxentes ""tecnoverán: campamento tecnolóxico"" 2-6 xullo 2018 (lve reducido segundo Artigo 20.1, punto 8.
F/2018/5808	2018 334 22609	225,00	ASOC. CUL. CORTEGADA	ACTUACIÓN NO REMATE FIN DE CURSO CULTURAL XUNQUEIRA O 27 MAIO POLA AS. CULT. CORTEGADA. CULTURA.
F/2018/5809	2018 334 22609	225,00	ASOC. CORAL ROSALIA DE CASTRO	CORAL ACTUACIÓN FESTA VIRXE DO CARME XUBILADOS CASA DO MAR, 16 XULLO. CULTURA.
TOTAL		119.189,11		

PRP2018/3722

Préstase aprobación á Certificación nº seis da obra Construción Escola Infantil en Vilaxoán, subscrita polo Arquitecto Director D. Iago Fernández Puentes e executada pola empresa **Instalaciones Eléctricas de Sanxenxo SLU**, cunha contía de 35.293,04 €, da que se acorda o recoñecemento de obrigación a favor do referido contratista, con cargo á partida 323.62200.

PRP2018/3723

Préstase aprobación á Certificación nº sete da obra Construción Escola Infantil en Vilaxoán, subscrita polo Arquitecto Director D. Iago Fernández Puentes e executada pola empresa **Instalaciones Eléctricas de Sanxenxo SLU**, cunha contía de 23.874,67 €, da que se acorda o recoñecemento de obrigación a favor do referido contratista, con cargo á partida 323.62200.

PRP2018/3724



Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Bricantel España SL**, polo importe de 3.092,76 €, da factura 2017-192 (Rex. 18/5066), correspondente a subministro de bancos para os parques caninos, con cargo á partida orzamentaria 311.62300.

PRP2018/3725

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Globalia Urbanismo Integral SL**, polo importe de 21.704,25 €, da factura 1712143 (Rex. 18/632), correspondente a subministro de dous conxuntos de xardiñeiras e banos transportables destinados a impedir que os vehículos invadan as rúas e espazos peonís, para a súa colocación en Praza Ravella e Praza de Abastos, con cargo á partida orzamentaria 134.62500.

PRP2018/3729

Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes provedores, polos importes e facturas que se relacionan, cun importe total de 55.933,46 €, con cargo á partida 338.22699 (Rel. F/2018/97):

Nº Rexistro Factura	Importe	Nome Ter.	Texto Libre
F/2018/6391	6.050,00	ESCENARIOS MOVILES VIKA, S.L.	SERVICIOS MUSICALES ORQUESTA MARBELLA ACTUACION DIA 09/08/2018 FESTAS SAN ROQUE (TRANSFERENCIA BANCARIA IBAN ES57 2080
F/2018/6427	951,06	REGUERA FREIRE, DOLORES MARIA	PAQUETES SERPENTINA / SACOS DE CONFETI 5KILOS CADA UNO / CAÑONES CONFETI (SEGUN PRESUPUESTO Nº 3)
F/2018/6434	4.235,00	NOR-IBERICA DE BEBIDAS, S.L.	GARRAFA XARIS 3L BLANCA 45º
F/2018/6466	6.655,00	ESPECTACULOS REYVAL, S.L.	ACTUACION ORQUESTA NEW YORK
F/2018/6467	1.742,40	ALFERERIA ALTO DO COUSO, S.L.	POCILLO DE QUEIMADA
F/2018/6475	36.300,00	CULTURACTIVA SOC. COOP. GALEGA	Fra 450/2018 Realización de actuacións artísticas e actividades FestivalClown 2018 en Vilagarcía de Arousa. Nº expdte CT
TOTAL	55.933,46		

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.